



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 22 de maio de 2014
Hora de comezo: 13.30 h
Hora de remate: 14.10 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Requirimento de limpeza da parcela número 619, polígono 505, do lugar de Rodiño Grande (Sergude) e inicio de execución subsidiaria na leira número 425, polígono 45, de Ponteledesma**
- 3. Solicitude subvención á Secretaría Xeral de Igualdade, programa SI427B**
- 4. Xustificación da subvención da Deputación Provincial da Coruña para equipamento e infraestrutura cultural 2013**
- 5. Xustificación da subvención concedida pola Deputación Provincial para Proxectos de Envellecemento Activo para persoas maiores.**
- 6. Xustificación da subvención concedida pola Deputación Provincial “Actividades Culturais 2013”**
- 7. Xustificación da subvención de actividades e investimentos deportivos 2013**
- 8. Lizeza urbanística**
- 9. Outorgamento de licenza de tenencia de animais potencialmente perigosos**
- 10. Aprobación das axudas de custo dos concelleiros correspondentes ó ano 2014**

11. **Aprobación e aboamento factura con cargo o programa de prevención da dependencia**
12. **Aprobación e aboamento da factura de número 05/2014, do programa “Ler conta moito”**
13. **Concesión de axudas de emerxencia social**
14. **Información de alta no SAF por dependencia**
15. **Cambio de titularidade na autorización de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo**
16. **Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 8 de maio de 2014 e a acta da sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o 19 de maio de 2014

2.Requirimento de limpeza da parcela número 619, polígono 505, do lugar de Rodiño Grande (Sergude) e inicio de execución subsidiaria na leira número 425, polígono 45, de Ponteledesma

A) Requirimento de limpeza da parcela número 619, polígono 505, do lugar de Rodiño Grande (Sergude)

Tras reiteradas chamadas telefónicas de aviso por parte de veciños de Rodiño Grande – Sergude, en relación coa necesidade de limpar unha parcela que está con abundante maleza e que supón un risco de incendio e de insalubridade, propiedade dos herdeiros de don Moisés xxxxx, o Concello remitiu ó lugar a un técnico para que procedese a efectuar unha inspección da zona.

Dita parcela, localizada segundo descrições dos veciños do lugar, é a número 619, polígono 505, de Rodiño Grande, Sergude.

Según informe do técnico municipal do 14 maio de 2014, *“feita inspección técnica no lugar de Rodiño Grande-Sergude, preto da capela de San Bieito, compróbase que existe nunha parcela unha casa completamente rodeada de maleza, chegando a mesma a alcanzar os 2,50 metros de alto.*

A vivenda máis cercana está a 8 metros.

Dita situación supón un risco de incendio así como foco de infeccións.

A parcela é a número 619 polígono 505”.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010 de 25 de marzo sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.”.

O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización”.

En materia de prevención de incendios forestais a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala no artigo 21 e seguintes as obrigas de efectuar traballos de prevención nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa para evitar incendios forestais.

Tendo en conta que na leira número 619 polígono 505 existe abundante biomasa vexetal que supón un risco de cara a propagación de incendios e un foco de infeccións, a Xunta de Goberno acorda:

1. Requirir os propietarios (herdeiros de don Moisés xxxxx), da leira número 619 polígono 505, do lugar de Rodiño Grande- Sergude, para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da biomasa vexetal existente na mesma.
2. En caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ós propietarios (herdeiros de don Moisés xxxxx) obrigados.
3. Dar trámite de audiencia ós citados propietarios para que en prazo de 10 días hábiles formulen alegacións ou presenten documentación oportuna.

B) Inicio de execución subsidiaria na leira número 425, polígono 45, de Ponteledesma

Antecedentes

O 5 de febreiro de 2014, co número de entrada 14/203, don José xxxxx, con domicilio en Ponte Ledesma, xxxxx, expón que preto da súa vivenda existe unha leira dedicada a monte, con piñeiros e carballos a menor distancia da que esixe a Lei 7/2012, de montes de Galicia, respecto de vivendas. Di igualmente que un piñeiro corre risco de caer enriba da vivenda, sendo un perigo para as persoas.

Manifesta que a leira é xestionada por dona Nieves xxxxx, herdeira do titular da parcela (xa falecido) don Jesús xxxxx.

Solicita que se proceda coa corta de arboredo de acordo co disposto na a Lei 7/2012, de montes de Galicia e sobre todo dun piñeiro polo risco que supón para as persoas.

Na Xunta de Goberno do 20 de febreiro de 2014 acórdase requirir á propietaria da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, dona Nieves xxxxx, para que proceda en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta de arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia; que en caso contrario o concello procederá coa execución subsidiaria e dáselle trámite de audiencia.

O 11 de marzo do 2014 co número de entrada 14/440, dona Nieves xxxxx presenta escrito solicitando que se corrixa a titularidade da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma, posto que a titularidade é de herdeiros de don Jesús xxxxx (fillos).

Así mesmo manifesta que a dirección de ditos herdeiros é no lugar de Baiuca número 6 e que non obstante van a proceder coa corta do arboredo en prazo dun mes aproximadamente.

Na Xunta de Goberno do 20 de marzo de 2014 acordouse aceptar a alegación presentada por dona Nieves xxxxx e proceder coa corrección da titularidade no senso de que os propietarios da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponte Ledesma son os herdeiros de don Jesús xxxxxx e requirir os mesmos para que procedan en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de corta do arboredo (piñeiro e carballo) ata gardar as distancias que sinala a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia

Recibiron a notificación do requirimento o 1 de abril de 2014. Non presentaron alegacións nin documentación ó respecto.

Feita segunda inspección técnica no lugar de Ponte Ledesma – Baiuca o 9 de maio de 2014, compróbase que *“preto da casa de don José xxxxx, existe unha leira dedicada a monte o cal está limpo de maleza, ten carballos e un piñeiro.*

Un carballo está a 12 metros de distancia, do paramento vertical da vivenda e un piñeiro está a 15 metros do paramento vertical da vivenda.

O piñeiro está situado nun outeiro (igual co resto da parcela) e con fortes refachos existe perigo de que poida caer.

Non se cumpre coa normativa da Lei 7/2012, de montes de Galicia, en materia de distancias que deben respectar ás árbores respecto das vivendas”.

Consideracións xurídicas

O artigo 9.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificado pola Lei 2/2010, do 25 de marzo do solo de Galicia sinala que “Os propietarios de terras conservarán e manterán o solo natural e se é o caso a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga”.

O artigo 199.2 da citada Lei 9/2002 di que “Os concellos ordenarán, de oficio ou a instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e previa audiencia aos interesados, a execución das obras precisas para conservar aquelas nas condicións, coa indicación do prazo de realización”.

O artigo 1 da Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais sinala que “Esta lei ten por obxecto defender os monte ou terreos forestais fronte aos incendios e PROTEXER ÁS PERSOAS E OS BENS por eles afectados.”

O artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, sinala que en canto ás faixas de xestión de biomasa nos espazos previamente definidos como redes secundarias de faixas de xestión de biomasa nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, será **obligatorio para as persoas responsables**, nos termos establecidos no artigo 21 ter desta lei, **xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 50 metros perimetral** ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable delimitado, así como arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do

monte, de acordo cos criterios para a xestión da biomasa estipulados nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento. **Ademais, nos primeiros 30 metros non poderá haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira da lei 3/2007 de prevención e defensa conta incendios (piñeiros, mimosas, acacias eucaliptos, queirugas, carqueixas, xestas, fentos, silvas e toxos).**

As distancias mediranse:

- a. Desde o límite do solo urbano ou núcleo rural, no seu caso.
- b. En caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións desde o paramento das mesmas.
- c. En caso de depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, desde o límite das instalacións.

A disposición transitoria décima, apartado 3) Lei 7/ 2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia sinala que en canto ás demais especies arbóreas, (distintas ás establecidas na disposición adicional terceira anteriormente citada) como os carballos, ameneiros, bidueiros, freixos, castiñeiros, loureiro e demais establecidas no anexo I, deberán gardar unha distancia de 10 metros ata o 17 de agosto de 2014. A partires desta data esta distancia terá que adecuarse aos 15 metros.

O artigo 22.3 da Lei 3/2007 sinala que “si no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometesen a xestión da biomasa vexetal, as citadas administracións públicas... poderán proceder coa execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa repercutindo os custos ás persoas responsables, según o disposto no artigo 21 ter.

O artigo 98 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro , regula a execución subsidiaria dos actos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado e sobre o seu custo.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

- 1) Iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa corta de arbolado (piñeiro e carballo) na leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponteledesma, propiedade de herdeiros de don Jesús xxxxx, ata gardar as distancias sinaladas no artigo 21 da citada Lei 3/ 2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.
- 2) Comunicar que o custo previsto dos traballos de execución subsidiaria de corta do arboredo ascenden a un total de **1.090 euros**, que terán que ser **aboados polos propietarios** da leira número 425, polígono 45, do lugar de Ponteledesma.
- 3) Dar trámite de audiencia ós propietarios: herdeiros de don Jesús xxxxx, para que procedan no seu caso a presentar as alegacións que estime pertinentes en relación co inicio da execución subsidiaria.

3.Solicitud subvención á Secretaría Xeral de Igualdade, programa SI427B

Con data do 7 de maio de 2014 sae publicado no DOG número 86 a Resolución do 30 de abril de 2014, da Secretaría Xeral de Igualdade , pola que se establecen as bases

reguladoras que rexerán as axudas e subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, na Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2007, do 21 de xullo.

Esta Resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes, mediante a realización de actuacións dirixidas a favorecer a igualdade de oportunidades e de trato, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural, e á erradicación da violencia de xénero, e proceder á súa convocatoria para o ano 2014.

No artigo 1 establece que as actuacións sinaladas poderanse desenvolver a través dos seguintes programas:

a) Programa de promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

b) Programa de fomento da conciliación.

c) Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM).

O artigo 4.1.b2 da citada resolución sinala que son entidades beneficiarias para o Programa de apoio aos centros de información á muller (CIM) as entidades locais titulares de centros de información ás mulleres acreditados segundo o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, que formule solicitude conxunta mediante asociación/agrupación con outros concellos non titulares dun CIM, nos termos da presente convocatoria.

O artigo 14.1.2 da citada resolución que sinala as accións e gastos subvencionables sinala que “son accións subvencionables a contratación laboral ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e atencións psicolóxica .

No seu apartado 2.2. sinala que o tipo de axuda e gasto subvencionable é de ata 14.000 euros por cada especialidade, para os custos directamente vinculados á contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica establecidos no Decreto 182/2004, no suposto de que a entidade local non conte no cadro de personal do CIM con postos aos cales lles corresponda realizar estas funcións.

Tendo en conta que o período de referencia para a imputación dos gastos relativos a todas as axudas reguladas na presente resolución será dos doce meses inmediatamente anteriores ao mes de decembro do exercicio da respectiva convocatoria, e que a situación do persoal do CIM de Boqueixón se encadra dentro do sinalado no artigo 14.2.2 da Resolución do 30 de abril de 2014 da Secretaría Xeral de Igualdade, a Xunta de Goberno acorda :

1. Solicitar axuda económica respecto do programa de apoio aos centros de información á muller (CIM) de Boqueixón por importe total de 28.000 euros, para os custos directamente vinculados á contratación laboral de profesionais con funcións de asesoramento xurídico e atención psicolóxica. O orzamento total da actuación solicitada ascende a 40.525,11 €

2. Designar como representante ante á Secretaría Xeral de Igualdade, dos concellos asociados, ó Alcalde de Boqueixón, don Jesús Sanjuás Mera.

3. O Concello de Boqueixón conta entre os seus departamentos de goberno cunha Concellería de Igualdade e Servizos Sociais.

4. Designar a dona Cristina Carbajales Nouriño, que ocupa o cargo de directora – avogada do CIM para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral de Igualdade.

5. Financiar o custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade para a súa completa realización.

6. O Concello de Boqueixón e o Concello de Touro asumiron os compromisos de poñer en marcha no Concello de Touro a prestación dun servizo de información ás mulleres e promoción da igualdade, no cal se ofertan as funcións do CIM en canto a asesoramento e información xeral ás mulleres de Touro co fin de que poidan acceder ós recursos dispoñibles dun xeito rápido e eficaz e garantindo o dereito das mulleres o acceso á información xeral e especializada, dun xeito integral e que promove a igualdade das mulleres e dos homes.

7. O Concello de Boqueixón (representante) percibe e xustifica todos os fondos que se concedan, previa solicitude á Secretaría Xeral de Igualdade.

8. Ambos concellos asumen o compromiso solidario de responsabilidade, execución e aplicación da subvención e de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia ou o que proceda en aplicación da normativa comunitaria ao estar cofinanciadas estas axudas polo programa operativo FSE-Galicia 2007/2013, e todos os concellos quedan obrigados solidariamente ao cumprimento das obrigas que deriven da concesión da subvención.

9. Que segundo os datos existentes o custo previsto do persoal que ocupa os postos de traballo referidos no artigo 14 da convocatoria, do CIM , período 2014 é o seguinte:

<u>Nome, apellidos e NIF</u>	<u>Tipo persoal/ Grupo</u>	<u>Ocupación</u>	<u>Denominación posto traballo, RPT ou contrato</u>	<u>Cód. contrato</u>	<u>Data alta</u>	<u>Retribucións íntegras mes</u>	<u>Cotizacións sociais mes</u>	<u>Nº Meses</u>	<u>Custo Total</u>
Cristina Carbajales Nouriño DNI: xxxxx	Temporal/ Grupo 1	Temporal	Técnico	401	17/08/2006	1386,61 € (2013/2014)	454,12	12	22.088,76
Yolanda Neira Cristobo	Temporal/ Grupo 1	Temporal	Técnico	401	1/05/2011	805,22 € Dec/2013; xaneiro 2014	321,83 € Dec/2013;x	2	2.254,10

DNI: xxxxxx							aneiro 2014		
Yolanda Neira Cristobo DNI: xxxxx	Temporal/ Grupo 1	Temporal	Técnico	401	1/05/2011	1184,17 € Feb.,marzo e abril 2014	387,82 € Feb.marzo e abril 2014	3	4715,97
Yolanda Neira Cristobo DNI: xxxxx	Temporal/ Grupo 1	Temporal	Técnico	401	1/05/2011	1233,93 Resto meses ata novembro 2014	404,11 € Resto meses ata novembro 2014	7	11.466,28

10. Aprobar a seguinte ficha técnica para o período dos doce meses anteriores ao mes de decembro do 2014, tal e como se indica no anexo V :

Cadro de persoal

TIPO	NOME E APELIDOS	DENOMINACIÓN POSTO	CATEGORÍA LABORAL	FUNCIÓNS BÁSICAS
Eventual	Cristina Carbajales Nouriño	Directora/Avogada	Técnico Grupo 1	Dirección do CIM Asesoramento xurídico e Coordinación activ. do CIM
Eventual	Yolanda Neira Cristobo	Psicóloga	Técnico Grupo 1	Atención psicolóxica

Horario de prestación dos servizos

Función	Num. Horas semanais	Indicar M(mañá) T(tarde)	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
AX	12,5	M	12.30-15.00	12.30-15.00	12.30- 15.00	12.30- 15.00	12.30-15.00	
D	17,5	M	9.00-12.30	9.00-12.30	9.00-12.30	9.00-12.30	9.00-12.30	
PS	18,00	M/T	9.00-15.00		9.00-15.00	9.00-15.00		

Referencia a outros servizos realizados desde o CIM :

Coordinación e actuacións varias cos departamentos municipais de servizos sociais, cultura, deporte, bibliotecas e emprego con actividades de difusión e fomento da igualdade, participación das mulleres no tecido social; difusión de activ.de ocio/educativas para infancia e mocidade

Actividades básicas realizadas desde o CIM para o período de referencia :

Actividades de información a través de charlas, reunións, talleres coa poboación en xeral, e especificamene coas asociacións de mulleres, potenciando a igualde, obradoiros de habilidades sociais(2 meses); prevención da violencia e de adicións, charlas (2 meses);seguimento e aplicación PIOM, charlas(12 meses)

Identificación doutras administracións ou entidades públicas ou privadas colaboradoras co CIM

Concello de Touro todo o ano, dado a existencia de convenio; reunións periódicas co cuartel da garda civil; reunións co equipo directivo do IES "Antonio Orza Couto" e co CRA Vedra-Boqueixón; reunións coas asociacións de mulleres e culturais do concello;

Relación de programas ou proxectos da SXI nos que participa o CIM

Participación nas actividades formativas ofertadas pola Secretaría Xeral, participación na difusión de normativa e axudas da mesma, adhesión á rede contra a violencia de xénero; actuacións varias en materia de voluntariado; fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar, orientación no emprego

11) Facer uso non sexista da linguaxe en todas as súas formas de expresión e comunicación e así mesmo facer uso da linguaxe en galego e o compromiso do seu uso no desenvolvemento das actuacións propias do centro.

12) Dar traslado deste acordo á Secretaría Xeral de Igualdade .

4.Xustificación da subvención da Deputación Provincial da Coruña para equipamento e infraestrutura cultural 2013

No BOP nº 239, do 17 de decembro de 2012 saíu publicada a convocatoria de apoio á cultura dirixido a concellos para investimentos durante o ano 2013.

Na Xunta de Goberno do 7 de febreiro de 2013, acordouse solicitar unha subvención para adquisición de cámara fotográfica, cañón proxector e pantalla, por un importe total de 4.708,01 euros.

Con data do 11 de xuño de 2013 e con número de entrada no rexistro 13/1139, recíbese a Resolución número 10.182, pola cal se concede a subvención que ten por obxecto “cámara fotográfica, cañón proxector e pantalla” por importe de 4.703,30 euros, cun orzamento a xustificar polo mesmo importe.

O prazo de xustificación remata o 31 de maio de 2014.

Tralo exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Imputar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación **dos acredores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

Datos do orzamento comunicado na Resolución de concesión		XUSTIFICANTES DE GASTOS CLASIFICADOS POR CONCEPTOS										
Concepto	Importe	Datos do acredor		Concepto do gasto	Documento xustificativo			Importe de cada documento	Importe total	Importe das desviacións	Medio de pago Data de pago:	Data e órgano de aprobación
		- Nome e apelidos completo sen abreviaturas ou - Nome da empresa	- DNI ou CIF		Tipo de documento	Data	Número					
Cañón proxector	1.894,19 €	INFOR HOUSE	xxxxx	Cañón proxector	Factura	30/04/2014	IO140315	2.190,00 €	2.190,00 €	- 295,81 €	Transferencia bancaria. Data: 15/05/14	Xunta de goberno: 08/05/2014
Cámara fotográfica e pantalla	2.813,82 €	INFOR HOUSE	xxxxx	Pantalla	Factura	30/04/2014	IO140315	930,00 €	1.695,00 €	1.118,82 €	Transferencia bancaria. Data: 15/05/14	Xunta de goberno: 08/05/2014
		INFOR HOUSE	xxxxx	Cámara fotográfica	Factura	30/04/2014	IO140315	765,00 €				
IVE	21%	INFOR HOUSE	xxxxx	IVE	Factura	30/04/2014	O140315	815,85 €	815,00	0 €	Transferencia bancaria. Data: 15/05/14	Xunta de goberno: 08/05/2014
TOTAL XUSTIFICADO									4.700,85€			

2º.- O importe total que se xustifica é de 4.700, 85 euros.

3º.- Que o gasto xustificado, e obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención e no apartado 8.3.4. das bases da convocatoria de subvención a concellos para actividade e investimento cultural, correspondente ao ano 2013.

4º.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto da subvención.

5º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investimentos para as que foi concedida. Ademais empregouse a lingua galega na planificación e na execución das distintas actividades.

6º.- Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada.

7º.- Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas, xunto cos resultados obtidos.

8º.- Presentar a xustificación correspondente ante a Excm. Deputación Provincial da Coruña.

5.Xustificación da subvención concedida pola Deputación Provincial para Proxectos de Envellecemento Activo para persoas maiores.

No BOP número 239 do 17 de decembro de 2012 saíu publicada a convocatoria de subvención aos concellos interesados na realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores, para o ano 2013.

Na Xunta de Goberno do 7 de febreiro de 2013, acordouse solicitar unha subvención para a realización de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores.

Con data do 19 de xullo de 2013 e con número de entrada 13/1452 no rexistro, recíbese a Resolución número 12356, da Deputación Provincial da Coruña, concedendo unha subvención por importe de 3.000,00 euros.

O orzamento subvencionado a xustificar é pola mesma cantidade.

O prazo de xustificación remata o 31 de maio de 2014.

Tendo cumpridos todos os requisitos necesarios e esixidos para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Imputar a cantidade de 996,71 euros dos pagos realizados ao traballador Francisco Javier Patiño Fernández con DNI xxxxx, como monitor de ximnasia de mantemento e rehabilitación, segundo o desglose que figura a continuación:

Tipo	Data	Salario	S.S. Empresa	Total gastos	Salario Imputado	Seguridade Social imputado	Total gastos imputado	Medio de pago e data de pago
------	------	---------	--------------	--------------	------------------	----------------------------	-----------------------	------------------------------

Nómina xaneiro 13	31/01/13	1.338,43 €	492,66 €	1.831,09 €	508,30 €	187,09 €	695,39 €	Transferencia bancaria: 29/01/2013
Nómina febreiro 13	28/02/13	1.338,43 €	492,66 €	1.831,09 €	220,26 €	81,06 €	301,32 €	Transferencia bancaria: 26/02/2013
TOTAL XUSTIFICADO							996,71 €	

2.- Imputar a cantidade de 306,34 euros dos pagos realizados ao traballador David Caamaño Mol con DNI xxxxx, como monitor de ximnasia de mantemento e rehabilitación, segundo o desglose que figura a continuación:

Tipo	Data	Salario	S.S. Empresa	Total gastos	Salario Imputado 100%	Seguridade Social imputado 100%	Total gastos imputado	Medio de pago e data de pago
Nómina marzo 13	31/03/2013	18,77 €	6,34 €	25,11 €	18,77 €	6,34 €	25,11 €	Transferencia bancaria: 25/03/2013
Nómina abril 13	30/04/2013	112,64 €	38,02 €	150,66 €	112,64 €	38,02 €	150,66 €	Transferencia bancaria: 26/04/2013
Nómina maio 13	31/05/2013	97,62 €	32,95 €	130,57 €	97,62 €	32,95 €	130,57 €	Transferencia bancaria: 27/05/2013
TOTAL XUSTIFICADO							306,34 €	

3.- Imputar a seguinte relación de facturas, con identificación dos acredores (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), dos conceptos de gasto de documentos (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

		XUSTIFICANTES DE GASTOS CLASIFICADOS POR CONCEPTOS ¹					
Concepto de gasto	Acredor (nome e apelidos, razón social, (CIF/NIF))	Identificación do documento	Data de emisión	Importe	Data de pago	Medio de pago	Data e órgano de aprobación
Alimentación saudable	Vagalume xestión integral de servizos, S.L./xxxxx	Factura: 14/018	12/02/2014	1039,39 €	26/03/2014	Transferencia bancaria	Xunta de goberno: 20/03/2014
Ximnasia de rehabilitación	Vagalume xestión integral de servizos, S.L./xxxxx	Factura: 14/042	21/04/2014	500,5 €	15/05/2014	Transferencia bancaria	Decreto alcaldía: 14/05/2014
Ximnasia de rehabilitación	Vagalume xestión integral de servizos, S.L./xxxxx	Factura 14/054	12/04/2014	165,00 €	15/05/2014	Transferencia bancaria	Decreto alcaldía: 14/05/2014

4 °.- Aprobar e presentar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación dos acredores (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), dos conceptos de gasto de documentos (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago):

DATOS ORZAMENTO DA SOLICITUDE		XUSTIFICANTES DE GASTOS CLASIFICADOS POR CONCEPTOS ¹				
Concepto de gasto	Acredor (nome e apelidos, razón social, (CIF/NIF))	Identificación do documento	Data de emisión	Importe	Data de pago	Medio de pago
Alimentación	Vagalume xestión	Factura: 14/018	12/02/2014	1039,39 €	26/03/2014	Transferencia

saudable	integral de servizos, S.L./xxxxx						bancaria
Ximnasia de rehabilitación	Vagalume xestión integral de servizos, S.L./xxxxx	Factura: 14/042	21/04/2014	500,5 €	15/05/2014		Transferencia bancaria
Ximnasia de rehabilitación	Vagalume xestión integral de servizos, S.L./xxxxx	Factura 14/054	12/04/2014	165,00 €	15/05/2014		Transferencia bancaria
Monitor de ximnasia de mantemento	Francisco Javier Patiño Fernández xxxxx	Nómina de xaneiro 13	31/10/2013	695,39 € (ver táboa adxunta)	29/01/2013		Transferencia bancaria
Monitor de ximnasia de mantemento	Francisco Javier Patiño Fernández xxxxx	Nómina de febreiro 13	28/02/2013	301,32 € (ver táboa adxunta)	26/02/2013		Transferencia bancaria
Monitor de ximnasia de mantemento	David Caamaño Mol xxxxx	Nómina de marzo 13	31/03/2013	25,11 € (ver táboa adxunta)	25/03/2013		Transferencia bancaria
Monitor de ximnasia de mantemento	David Caamaño Mol xxxxx	Nómina de abril 13	30/04/2013	150,66 € (ver táboa adxunta)	26/04/2013		Transferencia bancaria
Monitor de ximnasia de mantemento	David Caamaño Mol xxxxx	Nómina de maio 13	31/05/2013	130,57 € (ver táboa adxunta)	27/05/2013		Transferencia bancaria

5.- O importe total que se xustifica é de 3.007,94 euros.

6.- Que o gasto xustificado, e obxecto de axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e no apartado 738 das bases da convocatoria de proxectos de envellecemento activo para persoas maiores, para o ano 2013.

7.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.

8.- Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións, ou calquera outra fonte de financiamento, de calquera outra entidade tanto pública como privada.

9.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investimentos para as que foi concedida, empregando a lingua galega na planificación, divulgación e desenvolvemento de todas as actividades de envellecemento activo para persoas maiores.

10.- Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas.

6.Xustificación da subvención concedida pola Deputación Provincial “Actividades Culturais 2013”

No BOP número 239, do 17 de decembro de 2012 saíu publicada a convocatoria de apoio á cultura dirixido a concellos para investimentos durante o ano 2013.

Na Xunta de Goberno do 7 de febreiro de 2013, acordouse solicitar unha subvención para Actividades Culturais, por un importe total de 19.700 euros.

Con data do 14 de xuño de 2013 e con número de entrada no rexistro 13/1171, recíbese a Resolución número 10.339, pola cal se concede a subvención para actividades culturais por importe de 3.880,90 euros, cun orzamento a xustificar polo mesmo importe.

O prazo de xustificación remata o 31 de maio de 2014.

Tralo exposto anteriormente, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Imputar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados, con identificación **dos acredores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

Datos do orzamento comunicado na Resolución de concesión		Xustificantes de gastos clasificados por conceptos						
Concepto	Importe	Datos do acredor		Concepto do gasto facturado	Documento xustificativo			Importe de cada documento
		- Nome e apelidos completo sen abreviaturas ou - Nome de empresa	- DNI ou - CIF		Tipo de documento	Data (Día/mes/ano)	Número	
Axenda Cultural: gastos de maquetación e impresión	2.500,00 €	Imprenta Plana	xxxxx	Xanela inverno13	Factura	02/01/13	A13 3	431,60 €
		Imprenta Plana	xxxxx	Xanela primavera13	Factura	20/03/13	A13 175	468,00 €
		Imprenta Plana	xxxxx	Xanela verán 13	Factura	10/06/13	A13 337	416,00 €
		Imprenta Plana	xxxxx	Xanela outono 13	Factura	13/09/13	A13 478	447,20 €
		Jadfel Artes Gráficas	xxxxx	Xanela inverno 14	Factura	30/12/13	A/947	390,83 €
		Jadfel Artes Gráficas	xxxxx	Xanela	Factura	18/03/14	A/226	321,78 €
Encontro grupos folclóricos	2.700,00 €	Alfarería Alto do Couso, S.L.	xxxxx	Placas celtas	Factura	09/06/13	125	232,32 €
Día das Letras Galegas	2.800,00 €	Pascual Villaverde Núñez	xxxxx	Monitor obradoiros	Nómina	Xaneiro 2013		283,28 €
Obradoiros culturais	3000,00 €	Pascual Villaverde Núñez	xxxxx	Monitor obradoiros	Nómina	Maio 2013		141,64 €
TOTAL XUSTIFICADO								3.132, 65 €

2º) Imputar e aboar a seguinte relación clasificada de gastos realizados, con identificación **dos acredores** (nome e apelidos/razón social e o NIF ou CIF), **dos conceptos de gasto de documentos** (Concepto, nº de factura ou documentos equivalente, importe, data de emisión, data e medio de pago e por último órgano e data de aprobación):

Datos do orzamento comunicado na Resolución de concesión		Xustificantes de gastos clasificados por conceptos						
Concepto	Importe	Datos do acredor		Concepto do gasto facturado	Documento xustificativo			Importe de cada documento
		- Nome e apelidos completo sen abreviaturas ou - Nome de empresa	- DNI ou - CIF		Tipo de documento	Data (Día/mes/ano)	Número	
Día das Letras Galegas	2.800,00 €	Vagalume Xestión Integral de Servizos, S.L	xxxxx	Obradoiros Letras Gaelgas	Factura	19/05/14	14/056	275,00 €
Cursos de informática	1.800,00 €	Inforbyte-Jorge Iglesias López	xxxxx	Cursos de informática	Factura	07/05/14	1518	2.020,00 €
TOTAL XUSTIFICADO								2.295, 00 €

2º.- O importe total que se xustifica é de 5.427,65 euros.

3º.- Que o gasto xustificado, obxecto da axuda, se reflectiu, na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvención e no apartado 8.3.4. das bases da convocatoria de subvención a concellos para actividade e investimento cultural, correspondente ao ano 2013.

4º.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto da subvención.

5º.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investimentos para as que foi concedida. Ademáis empregouse a lingua galega na planificación e na execución das distintas actividades.

6º.- Que para o mesmo obxecto, se obtiveron ingresos dos participantes por importe de 1.410 euros, quedando pendente de percibir 105 €, co cal sumarían uns ingresos totais de **1.515 euros**. Non se obtiveron outras subvencións de calquera outra entidade tanto pública como privada.

7º.- Aprobar a memoria explicativa da actividade na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os compromisos e condicións impostas, xunto cos resultados obtidos.

8º.- Presentar a xustificación correspondente ante a Excma. Deputación Provincial da Coruña.

7.Xustificación da subvención de actividades e investimentos deportivos 2013

No Boletín Oficial da Provincia ,número 239 do 17 de decembro de 2012 saú publicada a convocatoria de subvención a “Concellos para actividades e investimentos deportivos” correspondente o exercicio 2013.

Con data 14 de xuño de 2013,número de entrada 13/1170 no rexistro, recíbese resolución da diputación Provincial da Coruña concedendo unha subvención por importe de 5.797,97 € (Cod. exp: 2013008298) para o Plan de Estructuración Departamento de Deportes.

Con data 17 de xuño de 2013, número de entrada 13/1190 no rexistro, recíbese resolución da Diputación Provincial da Coruña concedendo unha subvención por importe de 4.246,20 € (Cod.exp: 20113008403) para o Plan de Escolas Deportivas e Actividades Deportivas Puntuais.

A xustificación de ámbalas duas subvencións realizouse despois dos requisitos sinalados nas bases da convocatoria adxuntando a documentación pertinente (memorias xustificativas, facturas e relacións dos conceptos de gasto, etc..)

Téndose cumpridos todos os requisitos necesarios e as condicións impostas na concesión de ditas subvencións, e adxuntando a documentación acreditativa é preciso xustificar ditas subvencións.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1-Imputar e presentar a seguinte relación clasificada dos pagos realizados,con identificación dos acredores,dos conceptos de gasto de documentos co fin de xustificar a subvención relativas a actividades e investimentos deportivos do exercicio 2013, co código de expediente: 2013008403 (Plan de escolas deportivas e actividades) e 2013008298 (Plan de estruturación departamento de deportes)

Nome ou razón social.	NIF/CIF	Concepto	NºFactura	Importe	Data de Emisión	Data de Pago	Data e órgano de aprobación
OVIGA SL	xxxxx	Reparación pista de pádel	EO0092/13	6.413,00€	30-08-2013	27-09-2013	Xunta de goberno 19-09-2013
AMESPORT 2011,SL	xxxxx	Materiais escolas dxt.	A-80	2.209,80€	06-09-2013	29-10-2013	Xunta de goberno. 24-10-2013
FESAN	xxxxx	Impartición actividades dxt	E/0027/13	1.105,50€	10/06/2013	02-07-2013	Xunta de goberno 20-06-2013
FESAN	xxxxx	Impartición actividades dxt	A/4	1.574,50€	27/03/2013	14/05/2013	Xunta de goberno 02-05-2013
RIO BLANCO SL	xxxxx	Hipocl.piscina municipal	Nº51735	471,90€	29/07/2013	12/09/2013	Xunta de goberno. 05-09-2013
RIO BLANCO SL	xxxxx	Hipocl.piscina municipal	Nº51143	471,90€	27/06/2013	06/09/2013	Xunta de goberno. 22-08-2013

2- O importe total que se xustifica é de 5.833,60 € na subvención de actividades deportivas e de 6.413,00 € na de investimentos deportivos.

3-Que o gasto xustificado, e obxecto da axuda, se reflectiu na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no art 14.1 da Lei 38/20013 do 17 de novembro e nas propias condicións de dita convocatoria .

4- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.

5-Que a entidade executou e obtivo as licenzas e autorizacións perceptivas que acreditan o cumprimento da legalidade urbanística e o respecto do patrimonio histórico-artístico e ó medio nas obras de mellora e adecuación do ximnasio municipal consistentes no arranxo da pista de pádel.

6-Que para o mesmo obxecto, non se obtiveron subvencións ou calquera outra fonte de financiamento , de calquera outra entidade pública ou privada.

7-Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades/investmentos para as que foi concedida .

8-Aprobar as memorias explicativas da actividade na que consta o cumprimento dos obxectivos cumpridos, datas e número de beneficiarios.

8.Licenza urbanística

Expte: 06/1108. Modificación da licenza municipal de obras nº 06/748, de data do 21/06/2006, para a construción dunha vivenda unifamiliar, no lugar de Pazos, na parroquia de Lestedo (Finca 3)

ANTECEDENTES:

Con data do 21/06/2006, o Concello de Boqueixón outorgou a licenza municipal de obras a Promocións Lortes - Lestedo, S.L., con C.I.F. nº. xxxxxx, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, composta de planta de soto, planta baixa e planta baixo-cuberta, no lugar de Pazos (finca 3), na parroquia de Lestedo, emprazada urbanisticamente en solo non urbanizable de núcleo rural.

Con data do 03/06/2011 (registro de entrada nº 11/1409), por Promocións Lortes - Lestedo, S.L., preséntase a solicitude da licenza de 1ª ocupación, e adxunta a seguinte documentación: certificado final da dirección de obras, actas de replanteo, comezo e finalización de obras, fotografías finais da execución das obras, e plano de planta de distribución, cuberta e alzados modificados. Faixe constar na solicitude presentada, que o expediente non comezará a tramitarse, ata a xustificación do ingreso da taxa municipal correspondente.

Con data do 07/11/2012, por Promocións Lortes - Lestedo, S.L., realízase o ingreso da taxa municipal, por importe de 92,43 €, que se corresponde coa vivenda emprazada na finca nº 3.

Con data do 05/12/2012, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, realízase visita de comprobación á obra executada, acompañada polo representante de Promocións Lortes - Lestedo, SL.

Con data do 12/03/2014, por María Carmen Novoa Sío, emítase informe técnico sobre o expediente, e no que se fai constar que as obras executadas **non se axustan á licenza de obra concedida**, debido a que as modificacións que se observan supoñen unha modificación da mesma, polo que deberase achegar a seguinte documentación: modificado do proxecto, no que queden reflectidas as diferenzas de execución con respecto á licenza, así como se xustifique o cumprimento da normativa correspondente, e o boletín da instalación eléctrica.

Debido á falta de conexión eléctrica dun bombeo existente (construído por Promocións Lortes - Lestedo, S.L.), para a rede de saneamento das tres vivendas edificadas, e realizadas polo promotor das obras as correccións precisas, con data do 20/03/2014, pola empresa concesionaria do servizo municipal de auga e saneamento (Espina & Delfín), emítase un informe no que se di: *o bombeo situado na travesía de Pazos, e que recolle as augas residuais da Urbanización A Portela, está en disposición de entrar en servizo para o seu uso público.*

Con data do 11/04/2014 (registro de entrada nº 14/671), por Promocións Lortes - Lestedo, S.L., preséntase un proxecto técnico modificado, do proxecto básico e de execución, asinado polos arquitectos D. Manuel Cid Rodríguez e D. Javier Rivadulla Montaña, colexiados nº 897 e 1553, para a modificación da licenza de obra, e previa a concesión da licenza de 1ª ocupación.

Con data do 22/04/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un informe técnico favorable condicional, no cal se sinala que deberán xustificar que na cociña sinalada nos planos achegados, cumpre efectivamente coas condicións de ventilación e dotación de programa sanitario establecidas no Decreto 311/1992.

Con data do 30/04/2014, pola Alcaldía, ponse en coñecemento de Promocións Lortes - Lestedo, S.L., que deberán achegar a documentación esixida no informe técnico de data do 22/04/2014.

Con data do 06/05/2014, por Promocións Lortes - Lestedo, S.L., achégase unha certificación relativa á xustificación do cumprimento das condicións de ventilación e dotación de programa sanitario establecidas no Decreto 311/1992, asinada polos arquitectos do proxecto modificado.

Con data do 07/05/2014, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase o **informe técnico favorable**, ao proxecto modificado, o cal establece que a documentación achegada reflicte as modificacións realizadas con respecto á licenza outorgada, durante a súa execución.

Con data do 19/05/2014, emítase informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, realizada aos efectos con data do 21/04/2014 (por importe de 61,62 €), e que corresponde pola solicitude da modificación da licenza municipal de obras nº 06/748 (exp.: 06/1108), polo que a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Modificar, a licenza municipal de obras nº 06/748, de data do 21/06/2006, a nome de Promocións Lortes - Lestedo, S.L., para a construción dunha vivenda unifamiliar illada, no lugar de Pazos (finca 3), na parroquia de Lestedo, composta de planta de soto, planta baixa e planta baixo-cuberta, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

Condicións particulares do proxecto inicial:

01. Núm. do expediente: 06/1108
02. Promotores da licenza: PROMOCIÓN LORTES - LESTEDO, S.L.
03. C.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL

05. Tipo de Obra a realizar: CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, DE PLANTA DE SOTO, BAIXA E BAIXO CUBERTA (finca 3)
06. Situación e emprazamento: PAZOS – LESTEDO
07. Orzamento das obras: 111.400 €
08. Técnicos do proxecto: MANUEL CID RODRÍGUEZ-JAVIER RIVADULLA MONTAÑA
09. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: SEIS MESES
 - Para terminar as obras: TRES ANOS

Condicions particulares en base ao proxecto modificado:

10. Núm. do expediente inicial: 06/1108
11. Núm. do expediente do proxecto modificado: 14/671
12. Promotor da licenza modificada: PROMOCIÓNS LORTES - LESTEDO, S.L.
13. C.I.F. do promotor: xxxxx
14. Clasificación urbanística: SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL
15. Tipo de Obra a realizar: CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, DE PLANTA DE SOTO, BAIXA E BAIXO CUBERTA (finca 3)
16. Situación e emprazamento: PAZOS – LESTEDO
17. Orzamento inicial das obras: 111.400,00 €
18. Orzamento total das obras finalizadas: 127.230,00 €
19. Orzamento das obras do proxecto modificado: 15.830,00 €
20. Liquidación do I.C.I.O. do proxecto modificado: 395,75 €
21. Técnicos autores do proxecto modificado: MANUEL CID RODRÍGUEZ-JAVIER RIVADULLA MONTAÑA. Arquitectos

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de **395,75 €**, que resultan da diferenza entre o orzamento inicial das obras, e o incremento do orzamento que se inclúe no proxecto modificado, en aplicación aos artigos 6 e 7 da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe total, pola liquidación aprobada anteriormente, de **395,75 €**, deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

-Conta Número: xxxxx

9.Outorgamento de licenza de tenencia de animais potencialmente perigosos

O día 6 de maio de 2014 co número de entrada 14/813 don Santiago xxxxx solicita licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos, en concreto para a tenencia dun ROTT WEILER, con data de nacemento 12/09/2012, macho, cor negro fogo, sen signos particulares, con código de identificación 981098104370423 e con destino de animal de compañía.

Dita solicitude preséntase acompañada de :

- Certificado psicotécnico efectuado a don Santiago xxxxx, de data 10/12/2012, que o capacita como apto para obter a licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos.
- Información orixinal do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, en donde consta a non existencia de nota penal a nome de don Santiago xxxxxx.
- Copia do seguro de responsabilidade civil, no cal se sinala igualmente cobertura para os cans propiedade de don Santiago xxxxxx.
- Copia da cartilla sanitaria do citado can.
- Copia do DNI de don Santiago xxxxx

Examinado o expediente á vista da documentación presentada e de acordo co disposto na Lei 50/1999, de 23 de decembro sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, a Xunta de Goberno acorda :

1. Conceder licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos a don Santiago xxxxxx, como propietario do animal que se identifica como especie e raza canina ROTT WEILER, con data de nacemento 12/09/2012, macho, cor negro fogo, sen signos particulares, con código de identificación 981098104370423 e con destino de animal de compañía.

2. Aprobar a liquidación da taxa correspondente, que queda fixada en trinta euros.

3. A presente licenza ten unha vixencia de cinco anos, polo que deberá ser renovada antes do transcurso do citado prazo.

10. Aprobación das axudas de custo dos concelleiros correspondentes ó ano 2014

Neste ano non se aboaron as axudas correspondentes ás asistencias dos concelleiros ós órganos colexiados. Preséntanse para a súa aprobación os datos correspondentes ó 1º trimestre deste ano, polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar as axudas de custo dos concelleiros que a continuación se reflicten cos seus correspondentes importes e polo total desagregado:

PLENOS	08/01/14	12/03/14	TOTAL
D. Jesus Sanjuás	0 €	0 €	0 €
D. Manuel Mouriño	120 €	120 €	240 €
D. Antonio Gonzalez	120 €	120 €	240 €
Dna. Dolores Garcia	120 €	120 €	240 €
Dna. Sonia Rodríguez	120 €	120 €	240 €
D. J. Santasmarinas	120 €	120 €	240 €
Dna. Raquel García	120 €	120 €	240 €
Dna. Adela Redondo	120 €	120 €	240 €
D. Xabier Canabal	120 €	120 €	240 €
D. Perfecto Barcala	120 €	120 €	240 €
D. Jesús Neira Varela	120 €	120 €	240 €

XUNTAS DE GOBERNO I	02/01/2014	16/01/2014	06/02/2014	20/02/2014	06/03/2014	20/03/14	TOTAL
D. Jesus Sanjuás	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €	0 €
D. Manuel Mouriño	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	720 €
D. J. Santasmarinas	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	720 €
Dª. Raquel García	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	120 €	720 €

DELEGADOS DE ÁREA I	02/01/2014	09/01/2014	16/01/2014	23/01/2014	30/01/2014	06/02/2014	13/02/2014	20/02/2014
D. Antonio Gonzalez	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. Dolores Garcia	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. Sonia Rodríguez	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
Dna. Adela Redondo	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €
D. Jesús Neira Varela	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €	60 €

DELEGADOS DE ÁREA II	27/02/2014	06/03/2014	13/03/2014	20/03/2014	TOTAL
D. Antonio Gonzalez	60 €	60 €	60 €	60 €	780 €
Dna. Dolores Garcia	60 €	60 €	60 €	60 €	780 €
Dna. Sonia Rodríguez	60 €	60 €	60 €	60 €	780 €
Dna. Adela Redondo	60 €	60 €	60 €	60 €	780 €
D. Jesús Neira Varela	60 €	60 €	60 €	60 €	780 €

	<u>TOTAL BRUTO</u>	<u>IRPF 15 %</u>	<u>TOTAL LÍQUIDO</u>
D. Jesus Sanjuás Mera	0 €	- €	0 €
D. Manuel Mouriño Varela	960 €	144 €	816 €
D. Antonio Gonzalez Barral	1.020 €	153 €	867 €
Dna. Dolores Garcia Couto	1.020 €	153 €	867 €
Dna. Sonia Rodríguez Midón	1.020 €	153 €	867 €
D. J. Santasmarinas Devesa	960 €	144 €	816 €
Dna. Raquel García Fraga	960 €	144 €	816 €
Dna. ADELA REDONDO RENDO	1.020 €	153 €	867 €
D. Jesus Neira Varela	1.020 €	153 €	867 €
D. Xabier Canabal Fernandez	240 €	36 €	204 €
D. Perfecto Barcala Mosquera	240 €	36 €	204 €
TOTAIS	8.460,00 €	1.269,00 €	7.191,00 €

2 Comunicar a Tesourería que realice o pagamento con cargo á partida 910.233.00 do orzamento do ano 2014.

11.Aprobación e aboamento factura con cargo o programa de prevención da dependencia

Con data do 12 de maio e con rexistro de entrada número 14/864 recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento.

Dita factura imputarase con cargo á subvención da Deputación de FOAXCA 2013 que se resolveu con nº resolución 10957 e data de rexistro de entrada no Concello o 10 de xullo do 2013 , nº rexistro 13/1378 en concepto de gastos de persoal técnico e actividades do programa prevención da dependencia .

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e imputar a seguinte factura e proceder ó seu aboamento

Nº Rexistro	Data	Empresa	Importe
14/013	05/05/14	FISS CORUÑA Matilde xxxxx	634 €

2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ó seu aboamento con cargo á subvención

12.Aprobación e aboamento da factura de número 05/2014, do programa “Ler conta moito”

Con data 19 de maio de 2014 e con rexistro de entrada número 14/987 recíbese unha factura para a súa aprobación e aboamento.

Dita factura é a número 05/2014, de data 16/05/2014, empresa: Carlos Coira Nieto, polo concepto:“ representación de ABRAPALABRA”, dentro do programa Ler Conta Moito.

Que na Xunta de Goberno que tivo lugar o 6 de febreiro de 2014 acordouse solicitar a participación no programa de actividades de animación á lectura “Ler conta moito 2014”, así mesmo, acordouse dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte á porcentaxe da tarifa que lle corresponde ao concello.

Figura en dita Xunta de Goberno solicitar a actuación do artista Carlos Coira Nieto, co espectáculo, Abrapalabra. Maxia e Poesía, cunha achega por parte do concello de 90,75 € (25%).

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e aboar a seguinte factura

Nº Rexistro	Data	Empresa	IMPORTE
14/897	16/05/2014	Carlos Coira Nieto	90,75€

2.- Comunicar este acordo ao departamento de Tesourería-Intervención para que proceda ao seu aboamento

13. Concesión de axudas de emerxencia social

A) Logo de ver o informe da Traballadora Social, no que propón que a don Ramiro xxxxx, veciño da parroquia de Lestedo, se lle conceda unha axuda económica de pago único por emerxencia social, por importe de 383,39 € para facer fronte ao pago das débedas de auga e electricidade, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Conceder a don Ramiro xxxxx, con DNI xxxxx e veciño do lugar de xxxxx parroquia de Lestedo, unha axuda económica por emerxencia social de pago único, por importe de 383,39 € para facer fronte ao pago das débedas de auga e electricidade. Dita axuda farase con cargo á subvención da Deputación da Coruña, de “axudas económicas para colectivos excluídos ou en risco de exclusión social”.

2.- O importe desta axuda será aboada unha parte por pago delegado a Espina & Delfín, por importe de 136,75 €, e 246,64 € será aboada directamente no número de conta bancaria do solicitante, que logo de recibir a notificación da concesión desta axuda económica, deberá acreditar no prazo de 15 días o pagamento das facturas pendentes neste departamento.

3.- Dar conta deste acordo a Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- Notificar este acordo ó interesado.

B) Logo de ver o informe da Traballadora Social no que propón que a dona María del Carmen xxxxx, veciña da parroquia de Lestedo, se lle conceda unha axuda económica de pago único por emerxencia social, por importe de 918,89 €, para facer fronte ao pago de dous meses de alugueiro, así como á débeda de gas que presenta, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Conceder a dona María xxxxx, co DNI xxxxx veciña da Rúa xxxxx Lestedo, unha axuda económica por emerxencia social de pago único, por importe de 918,89 €, para facer fronte ao pago de dous meses de alugueiro, así como á débeda de gas que presenta. Dita axuda farase con cargo á subvención da Deputación da Coruña, de “axudas económicas para colectivos excluídos ou en risco de exclusión social”.

2.- O importe desta axuda será aboada unha parte por pago delegado, no número de conta bancaria da propietaria do piso que ocupa a usuaria, correspondente a dous meses de alugueiro, por importe de 600 € e 318,89 € será aboada directamente no número de conta bancaria da solicitante, que logo de recibir a notificación da concesión desta axuda económica, deberá acreditar no prazo de 15 días o pagamento das facturas pendentes neste departamento.

3.- Dar conta deste acordo a Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- Notificar este acordo á interesada.

14. Información de alta no SAF por dependencia

Logo de ver o informe da Traballadora Social:

1.- Infórmase á Xunta de Goberno, **da alta no servizo de axuda no fogar por dependencia**, a nome de don José xxxxx co DNI xxxxx veciño do lugar de Ardarís, parroquia de Lestedo, cunha intensidade máxima establecida no seu Programa Individual de Atención de 55 horas mensuais.

2.- Que recibirá as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.

3.- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.

4.- Notificar este acordo o interesado.

15.Cambio de titularidade na autorización de venda ambulante na feira-mercado de Lestedo

Por Decreto de data 17 de xuño de 2011 e tras a revisión da solicitude e da documentación aportada, concedéuselle a autorización para a instalación do posto de venda ambulante nº 44 á D. xxxxx na feira- mercado de Lestedo.

Con rexistro núm. 14/803 do día 2 de maio de 2014 déuselle entrada neste concello á solicitude de dona María xxxxx, cónxuxe do citado titular da autorización, na que comunica o falecemento do D. xxxxx e solicita pasar a ser ela a titular da autorización para a venda ambulante na Feira- mercado de Lestedo.

Achega xunto con esta solicitude a seguinte documentación:

- Certificado de falecemento de D. xxxxx
- Último recibo de autónomos
- Xustificante da alta no IAE
- Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil do posto

Tal como recolle a Ordenanza reguladora de expedición do carné de venda ambulante nas feiras mercados neste termo municipal, no artigo núm. 13, punto 2, recóllese literalmente que: *“A autorización municipal será persoal e intransferible, quedando prohibida a súa cesión. Excepto nos supostos de falecemento do titular que lle será transmitida automaticamente a algún familiar directo, cónxuxe, pais, fillos ou irmáns que cumpran cos requisitos establecidos para o exercicio da actividade de venda ambulante”*.

Unha vez revisada a documentación achegada con esta solicitude e comprobado que se axusta ós requerimentos da Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Nomear como titular da autorización para o posto nº 44 de venda ambulante na Feira-mercado de Lestedo a D^a María xxxxx.

2º.- Comunicar este acordo á nova titular da autorización.

16.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace
O Alcalde